

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	MONDOÑEDO
Edificio	Convento da Inmaculada Concepción
Dirección	Rúa da Concepción, 30. 27740
	43.4290937 -7.3646121
Protección	
Descricion	O Mosteiro da Concepción, coñecido nun principio como Convento de la Encarnación Francisca de Coto de Otero, foi fundado o 8 de decembro de 1656. Uns anos antes, Dona María Pardo de Andrade, fundadora do convento e viuva do Licenciado e Oedor da Real Audiencia de Galicia, Don Agustin Quejada, estaba enferma cando otorgou testamento pechado a fe de Francisca Díaz Durán, o 25 de outubro de 1639. Un testamento que non sería aberto ata o 8 de novembro de aquel ano e no que a Señora Pardo de Andrade ordenaba que se levantara o convento, do que nomeou patróns ó Capitán Pedro Fernández de Vaamonde e á súa esposa, María Pardo Castro e Pimentel. O 23 de agosto de 1714 o Papa Clemente XI expediu unha Bula aprobando a construción do convento que, nun principio, estaría dotado para 30 relixiosas. A casa e horta sobre a que se edificou o convento estaba situada xunto a unha das portas da muralla de Mondoñedo, concretamente, a Porta Batitales. Esta foi derrubada ó igual que o resto das portas da muralla e, actualmente, non se conservan restos de ningunha delas que nos poidan dar unha idea de como eran. O convento posúe un importante conxunto artístico e obras de interese cultural. A portada ábrese no muro dereito e consta de dúas pilastras de media caña, tipo dórico, sostendo unha cornixa e frontón circular acabado en bolas. Sobre a cornixa atópase unha imaxe da Inmaculada. Enriba do conxunto aparece o escudo do Bispo Muñoz e Salcedo, o da orde de San Francisco e o do patrón do Convento. Xunto a este último sitúase unha inscrición co texto: "Estas armas son del fundador del convento". A cúpula do convento aparece ó exterior dando o seu encanto a esta parte da cidade. O campanario é unha torre barroca sinxela con dous corpos coronados por unha cúpula pequena e bolas de pedra e remate de cruz de ferro. O retábulo da igrexa configura un fermosísimo conxunto barroco, unha réplica do Convento dos Picos. Sobre o expositor aparece un relieve da Anunciación da Virxe coas figuras do Pai Eterno e do Espírito Santo na parte superior. Este relieve é a imaxe do titular do templo, a Encarnación. MONDONEDO.NET (21-09-2016)
Campás	2 campás.
Fotos	4
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA

Data	21-11-2022
-------------	------------

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	Menor.	VEGA		48	64
Torre-campanario	María Gerónima Francisca		1763	52	81

Información completa: [Convento da Inmaculada Concepción - MONDOÑEDO \(GALICIA\)](#)

PDF (17-09-2026)